



INSTRUCCIÓN BÁSICAS PARA CUMPRIR AS OBRIGAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As responsabilidades que os beneficiarios da axuda deben cumprir en materia de información e comunicación no referente ao apoio (cofinanciamento) procedente dos fondos propios da comunidade autónoma están identificadas nos artigos 24 ix e x da Convocatoria.

Neste documento se detalla, de xeito práctico, como cumprir parte destas obrigas que se inclúen na normativa.

Nos modelos de formularios e documentos para xustificar o Bono de innovación, figura o documento 06: Declaración de obrigas de publicidade, que recollerá cuantitativamente as accións, neste senso, desenvolvidas pola entidade beneficiaria.

1. PUBLICIDADE NAS DEPENDENCIAS DA EMPRESA (Soamente na Liña.1).

Durante a execución do Bono de innovación, no que se refire a xustificación da realización das actividades e finalización de verificación e auditoría e compromisos adquiridos, deberá figurar nun lugar ben visible ao público, por exemplo á entrada das dependencias da empresa, un cartel informativo de tamaño mínimo A3, que mencione o Bono de innovación e o cofinanciamento pola Axencia Galega de Innovación.

Na páxina web da Axencia Galega de Innovación, na lapela axudas 2023 – Bonos de innovación, figura un modelo básico do documento (A3) que cumpre as obrigas de imaxe e logos da Xunta de Galicia. Amósase a modo de exemplo:



BONO DE INNOVACIÓN DE [NOME DA EMPRESA] (000¹)

Para promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade.

Esta operación está financiada pola Xunta de Galicia, a través das axudas concedidas pola Axencia Galega de Innovación, dentro do programa de axudas á empresa Bonos de innovación 2023.



¹ INCLUIR OS TRES PRIMEIROS DÍXITOS QUE FIGURAN NO CÓDIGO DE EXPEDIENTE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Para demostrar o cumprimento desta obriga é necesario gardar como proba documental da



súa colocación (por exemplo, fotografía do emprazamento físico onde se coloque e na que haxa constancia da data na que foi realizada).

2. PUBLICIDADE NA PÁXINA WEB DA EMPRESA (Para todas as liñas).

No caso de que a empresa beneficiaria dispoña de web deberán publicar a concesión da axuda e mantela actualizada. Na páxina de portada e acceso á web da entidade debe figurar AXUDAS.

Ao acceder a esta lapela como mínimo visualizarase a imaxe do cartel de publicidade (detallado no apartado anterior), sen descartar calquera información sobre a axuda e alcance do Bono de innovación que o beneficiario considere oportuno. Deberán cumprirse as premisas de publicidade do anexo III no que se refire a logos institucionais.

3. OUTROS MATERIAIS

Na documentación para difusión que teña relación co Bono de innovación, carteis, propaganda, publicacións, vídeos, ... deberá facer mención expresa ao cofinanciamento pola Axencia Galega de Innovación e a axuda da que se é beneficiario.